

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input type="checkbox"/> CONFORME <input checked="" type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:

Nin o autoinforme de seguimento nin o borrador de IRD (Informe de Revisión pola Dirección) proporcionan información adecuada e suficiente.


Segundo se indica no borrador do IRD, este máster pasa a ser interuniversitario (coa Universidade da Coruña) no curso 2015-16, como resultado dun proceso de re-verificación. O ano que avaliamos foi, polo tanto, o derradeiro ano de impartición deste máster, antes da modificación do título.

Plan de melloras do título:

Non se atopa plan de melloras en relación co título.

Modificacións do plan de estudo:

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input checked="" type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	C	
Información e Transparencia	C	
Sistema de Garantía de Calidade	D	
Recursos Humanos		C
Recursos Materiais e Servizos	B	
Resultados de Aprendizaxe	B	
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	C	

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	<ul style="list-style-type: none"> As guías docentes teñen os campos das competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación cumprimentados, nas seis guías revisadas. Non se pode verificar a coherencia da información das guías coa memoria correspondente, dado que na memoria proporcionada non figuran as materias impartidas no curso que é obxecto deste informe (2014-15). Comprobamos que a memoria recolle outras materias, precisamente as vixentes no actual curso (2015-16). Isto é, non se corresponden as materias detalladas na web e na guía de titulación para o curso 2014-15 e as materias incluídas na memoria proporcionada. Non están cumprimentadas as guías nas dúas linguas. Algunhas delas están só en galego, outras só en castelán. No caso dalgunha guía redactada teoricamente en galego, inclúense fragmentos e seccións en castelán. Na materia "Actividade física e obesidade" figuran na web dúas guías que difiren entre si, unha baixo a pestana castelán (nesta lingua) e outra baixo a pestana galego (redactada tamén en castelán, pero nunha versión diferente á outra). Constatamos que as incoherencias internas nas guías non son puntuais, senón que afectan a diversas materias.

E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	Non hai actas das comisións de titulación e académicas, de xeito que non é posible analizar os mecanismos de coordinación docente.
---	--

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Ausencia de actas que reflictan os posibles mecanismos de coordinación docente	Non	
Deficiencias nas guías e discordancias entre elas	Non	

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	C
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E4	As guías docentes non figuran en galego e en castelán ou non son. Recoméndase que se ofrezan as versións en ambas as linguas.
Non Conformidade	E30	Non se atopan actas de comisión de titulación: non é posible avaliar positivamente este ítem.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	D	<p>A información pública do título é útil, pero escasa e pouco actualizada. O formato da páxina web da Facultade é claramente mellorable en termos de organización de contidos, presentación intuitiva etc. Para o curso 2014-15, só existe información na páxina específica do mestrado: http://feduc.webs.uvigo.es/index.php?id=178.870.0.0.1.0 Esa páxina ofrece información escasa (presentación, matrícula, profesorado, contacto).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estrutura do programa formativo da titulación: indícase de forma clara a denominación dos módulo ou materias, o seu contido en créditos ECTS, a organización temporal e o carácter obrigatorio ou optativo da materias, por módulos. • Competencias xerais e específicas: Como xa se indicou, non se puido efectuar a comprobación de que as competencias son as mesmas que na memoria vixente no curso 2014-15. • Horarios, aulas e calendarios de exames: Proporcionase a información básica necesaria. • Traballo fin de máster: proporcionase a información básica na correspondente guía docente. Na web atópanse tamén ligazóns a documentos con instrucións e recomendacións ou impresos, no apartado correspondente ao curso 2015-16. Nese apartado, atópase tamén o capítulo da memoria relativo a esta cuestión (normativa), en pdf. Non atopamos información sobre comisións de avaliación, temáticas ou outros aspectos, convocatorias)
A información do SGC é completa?	D	Non hai información do SGC. Non se localiza ningún apartado dedicado ao SGC na web específica do mestrado (onde se atopa a información relativa ao curso 2014-15) e non se atopa información sobre ningún aspecto (Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade).
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	C	Proporcionase a información básica, pero a información resulta escasa e sería conveniente que se organizase de un xeito máis intuitivo e que figurase actualizada.

		<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado: só se proporciona o nome das/os docentes. Non hai acceso (se non se vai á páxina xeral da Facultade) á súa experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV etc. • Persoal de apoio por centro (número e cargo ou posto desempeñado): figura na páxina da Facultade, non se especifica na información pública relativa ao mestrado. • Recursos materiais do título (aulas, seminarios etc.): figura na páxina da Facultade, non se especifica na información pública relativa ao mestrado.
A información dos resultados é completa?	C	Non se atopa información completa dos resultados. No IRD recóllense algúns datos e gráficos comparativos, máis non dun xeito completo e individualizado.

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
O formato da páxina web non é o mellor nin o máis intuitivo (organización e distribución da información).	Non	Mellora da páxina específica (deseño e configuración), para que proporcione un acceso á información máis intuitivo.
Escasa información do SGC (excepto na páxina xeral da FEDUC)	Non	Desenvolvemento do SGC e información pública dos procedementos en marcha, obxectivos etc.
Escasez de información sobre os recursos humanos	Non	Mellora da información pública (fichas completas).
Información parcial dos resultados	Non	Organización e disponibilización da información do título

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	C
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	E1-E6	Información pública pouco clara, incompleta ou dispersa
Recomendacións para a mellora	E4	Incoherencias nas guías docentes.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Consideramos que non se dá unha suficiente implantación do SGC, no ámbito do centro en xeral nin, especificamente, en relación con esta titulación de mestrado. Feitas as comprobacións precisas (ata 6 rexistros de diversas evidencias, de xeito aleatorio), non se atopan rexistros de procedementos nin documentación relativa a esta titulación.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Só hai unha acta da Comisión de calidade do curso 2014-15. O resto son actas de anos precedentes. Non se tratan asuntos xurdidos da implantación dos procedementos (nin sobre coordinación, nin sobre orientación, prácticas ou promoción do título).

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Insuficiente implantación do SGC	Non	
Ausencia de actas (escasa implantación do SGC)	Non	

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade **D**

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	E05- E7-E8	Insuficiente implantación, ausencia de rexistros e de documentación.
Non Conformidade	E30	Non se atopan nin son accesibles as actas das reunións.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	<p>Non atopamos na documentación unha análise completa dos resultados da EAD (porcentaxe de participación, resultados, evolución).</p> <p>No borrador do Informe de Revisión pola Dirección (IRD) non se leva a cabo unha reflexión sobre os resultados obtidos na EAD no relativo á porcentaxe de participación.</p> <p>No borrador do IRD reflíctense os datos de satisfacción e a súa evolución mediante gráficos.</p>
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>Os datos de satisfacción xeral coa titulación son adecuados: 3.45/5 no caso do alumnado e 4.18/5 no caso do profesorado. Mantense a tendencia xeral nas titulacións da UVigo a rexistrar mellores resultados no grupo de profesorado que non de alumnado, en conxunto.</p> <p>Esta tendencia maniféstase tamén no caso dos resultados específicos de satisfacción no diferentes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Obxectivos e competencias: 4/5 no caso do alumnado e 4.15/5 no caso do profesorado. -Orientación do estudantado: 2.60/5 no caso do alumnado, fronte a 4 no caso do profesorado. O resultado no caso do alumnado é negativo e pode considerarse insatisfactorio. -Xestión de Calidade: 3/5 no caso do alumnado, fronte a 4.02/5 no caso do profesorado. -Planificación e desenvolvemento: atópase un resultado de 3.21/5 no caso do alumnado e 4.17 no caso do profesorado. <p>No borrador do IRD constátase os superiores resultados xerais no grupo do profesorado e tamén a mellora respecto de resultados anteriores de satisfacción global (3.54 sobre 7 en 2013-14 no caso do alumnado e 5.49/7 no caso do profesorado, por exemplo). Non se desenvolve reflexión. Indicador 03.</p>
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	<p>No borrador do IRD proporcionado non se analizan os resultados globais das EAD. Reflícense unicamente os resultados das enquisas de satisfacción, mediante gráficos, sen desenvolver unha reflexión sobre eles.</p>

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Ausencia de reflexión sobre os datos e indicadores	Non	

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos	C
-------------------------	----------

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E27	Necesidade de analizar e avaliar os resultados das enquisas.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Os resultados das enquisas de satisfacción neste apartado son satisfactorios: 4.07/5 no caso do alumnado e 4.17/5 no caso do profesorado. Indicador 03

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Ausencia de reflexión sobre os datos e indicadores	Non	

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **B**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I03	Reflexión sobre os datos dispoñibles

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	Sobre 15 persoas matriculadas no mestrado, temos datos de 14 persoas cualificadas. A distribución das cualificacións é 6 NP, 7 Sobresaliente e 1 Matrícula de Honra. Consideramos que existe unha moi clara concentración de cualificacións elevadas e, polo tanto, desequilibrio. Na nosa consideración, cumpriría reflexionar sobre este feito.
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	Na análise dos datos por materias, comprobamos que hai unha alta concentración de sobresalientes: dun total de 157 cualificacións e cun total de 22 NP (en 21 materias), atópanse 76 sobresalientes (43 no 1º cuatrimestre e 33 no segundo). Sería recomendable reflexionar sobre estes datos. Resulta, de novo, imposible analizar o tratamento destes datos son tratados no Informe de Revisión pola Dirección (IRD), dado que non foi posible atopalo nin figura ligazón ningunha na documentación achegada polos responsables do título. Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accédese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escóllese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias”.

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Desequilibrio nas cualificacións	Non	

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe B

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Sería conveniente analizar a posible concentración das cualificacións e facer accesible o desenvolvemento e resultado desa reflexión.

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	<p>Non se realiza ningunha valoración de conxunto desta titulación no borrador de IRD presentado.</p> <p>Constátase que o grao de satisfacción do profesorado é superior ao do alumnado, máis non se reflexiona sobre estes datos nin sobre as causas dese desequilibrio.</p> <p>No apartado de “evolución do alumnado matriculado”, no que se constata un forte descenso, considérase que é necesaria unha revisión da satisfacción de alumnado e profesorado.</p> <p>O grao de satisfacción das titulacións da FEDUC no curso 2014-15 é 2.54, inferior aos resultados das Facultades agrupadas na área de Ciencias Sociais e Xurídicas.</p>
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	<p>No borrador de IRD non se reflexiona en profundidade sobre isto, máis alá de constatacións ou valoracións superficiais dalgúns resultados (matriculación).</p> <p>Recóllense datos e gráficos sobre resultados, índices de satisfacción e evolución das titulacións nun documento en pdf, que figura como Anexo 04 do Manual de Calidade. Política e obxectivos de calidade (http://feduc.webs.uvigo.es/index.php?id=98,0,0,1,0,0), 03/11/2014, aprobada en Xunta de Centro en decembro de 2015.</p>
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<p>O número de estudantes descende respecto dos cursos anteriores, ata situarse en 15 persoas no curso 2014-15, fronte aos 30 do curso anterior.</p> <p>No borrador de IRD efectúase unha valoración do descenso de matriculación do mestrado. Enúnciase alí a necesidade de deseñar e pór en marcha con urxencia un “plan de promoción e captación do alumnado”. Maníféstase preocupación e necesidade buscara as razóns deste feito.</p> <p>No caso desta titulación, déixase constancia da reverificación realizada no curso 2015-16, que implica a transformación nun máster interuniversitario.</p> <p>Indicador 01.</p>
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>As enquisas de satisfacción presentan un índice de participación desigual.</p> <p>No caso do alumnado, o índice de resposta é tan reducido (6.67%, 1 persoa das 15 inscritas) que a representatividade dos datos obtidos queda moi limitada. Con todo, o resultado obtido é un grao de satisfacción xeral do alumnado de 3.45/5. Ese resultado mellora respecto o curso anterior (3.54/7).</p> <p>Os ítems en que se recolle unha valoración máis baixa son a orientación ao estudantado (2.60) e a satisfacción coa xestión da calidade (3).</p> <p>No caso do profesorado desta titulación, a participación atinxe o 60%, de xeito que os datos poden considerarse significativos. As valoracións son máis positivas (4.18, como resultado total) que as do alumnado, na liña dos resultados obtidos en xeral na UVigo.</p> <p>Indicador 03</p>

<p>I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.</p>	<p>Análise das taxas de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito e avaliación e outros indicadores do SGC (de xeito global). En conxunto, percíbense uns resultados aceptables. -Taxa de graduación: sitúase perto do 80% (77,78%). Sitúase por riba dos resultados obtidos en anos anteriores (63,64% e 68,18%), co que se achegou aos resultados dos primeiros anos da titulación (superiores ao 90%). -Taxa de abandono: 9.09% (2013-14), superior á media dos anos de impartición do título (8,91%). -Taxa de eficiencia: 97.56%. Este resultado mellora considerablemente respecto do curso anterior (90.48%, 2013-14) e mantense na liña dos cursos precedentes (de 2009-10 a 2012-13). -Taxa de rendemento: descende respecto dos cursos anteriores. -Taxa de éxito: 96.62%. É a máis baixa respecto doutros anos na vida deste mestrado (99.41, 2013-14, 104.39% 2012-13) e é inferior á obtida por outros mestrados da Facultade. - Taxa de avaliación: 81%, fronte ao 89,57% do curso anterior. No borrador de IRD non se reflexiona sobre estes datos. Indicador 11.</p>
<p>I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso</p>	<p>Os datos de ocupación, preferencia e adecuación aparecen reflectidos mediante gráficos no borrador de IRD. -Taxa de ocupación: 33.33% (fronte a un 96.77 en 2010-11 e 78.57 en 2013-14). Redúcese moi considerablemente -Taxa de preferencia: 59.26% (fronte a un 161.29% en 2011-12 e un 78.57 en 2013-14). -Taxa de adecuación (100%). Constátase a baixa dos datos respecto a cursos anteriores nestes apartados (ocupación e preferencia) e detéctase a necesidade de realizar a cabo unha análise profunda e de deseñar medidas correctoras. Sobre a nota media de acceso (7.5), que ascende respecto dos cursos precedentes, non se recolle ningunha reflexión. Indicador 12.</p>

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se ofrece información pública a partir dunha reflexión profunda sobre os resultados da titulación	Non	Sería aconsellable acometer unha reflexión sobre a situación.

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento C

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	E12-E19	Non se ofrece información pública a partir da reflexión sobre os resultados da titulación
Recomendacións para a mellora	I03	Participación moi escasa do estudantado nas enquisas

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input checked="" type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input checked="" type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	D	Non se atopa na documentación achegada ningún plan de melloras. A ligazón incluída (2015-16_Cadro_Plano_Melloras_-_Máster_Investigación_Deporte_MODIF_Seguimiento_2014-15.xlsm) non conduce a ningún documento. Feita a proba desde tres navegadores diferentes e desde diferentes equipos, constatamos que este resultado non se debe a ningún problema técnico. Non borrador do IRD aparece sen cubrir este apartado. Tampouco se atopou rastro de melloras na web do título nin na da Facultade. Os dous únicos enlaces coa etiqueta “Plan de mejora” dan acceso a pdf con evidencias de 2012. Polo tanto, resulta imposible efectuar unha valoración positiva neste apartado.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	D	Dado que non se atopa plan de mellora ningún para esta titulación, resulta imposible levar a cabo unha análise do grao de adecuación deses plans. A valoración neste apartado ten que ser necesariamente negativa.

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Non Conformidade	E30	Non se atopan actuacións respecto desta titulación na única acta da Comisión de Calidade asinada (2014). Non se atopan actas posteriores: https://drive.google.com/folderview?id=0B9XEoIfque_dZzNCZ05IVmJQd1E&usp=sharing&tid=0B9XEoIfque_dM2ZpMFRcMjlkRDA .
Non Conformidade	E05-E7-E8	Non se achega a documentación precisa nin se fai pública a información.

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado

Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	